

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	2025/2026	0	213	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTÍA BAAMONDE VILLARES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito sensorial, analizando as teorías explicativas e as características específicas do grupo a que vai dirixido.
RA2 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito motor en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA3 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito cognitivo en relación coas teorías do desenvolvemento cognitivo e das características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA4 - Planifica estratexias, actividades e recursos psicomotores en relación cos principios da educación psicomotriz e as características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA5 - Pon en práctica actividades de intervención no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor en relación cos obxectivos previstos e coas características dos cativos e das cativas.
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor, argumenta as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse as teorías explicativas do ámbito sensorial.
CA1.2 Identificáronse as características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA1.3 Identificáronse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento sensorial.
CA1.7 Valorouse a importancia da intervención no ámbito sensorial como medio para favorecer a exploración do contorno por parte do cativo e da cativa.
CA2.1 Identificáronse as características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA2.5 Valorouse a importancia do desenvolvemento motor na adquisición da autonomía persoal.

Criterios de avaliación do currículo
CA3.1 Identifícanse as teorías explicativas do desenvolvemento cognitivo.
CA3.2 Identifícanse as características evolutivas no ámbito cognitivo das persoas destinatarias en función das súas idades.
CA3.3 Identifícanse os principais trastornos e as alteracións no desenvolvemento cognitivo.
CA4.1 Identifícanse os principios da educación psicomotriz.
CA4.2 Identifícanse as características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA4.5 Identifícanse os principios e os ámbitos de actuación da educación psicomotriz.
CA4.6 Valorouse a importancia da psicomotricidade na educación infantil.
CA5.1 Descríbense as principais dificultades que poidan xurdir na realización das actividades.
CA6.6 Identifícanse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
CA6.7 Identifícanse as causas dunha intervención non adecuada.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito sensorial, analizando as teorías explicativas e as características específicas do grupo a que vai dirixido.
RA2 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito motor en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA3 - Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito cognitivo en relación coas teorías do desenvolvemento cognitivo e das características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA4 - Planifica estratexias, actividades e recursos psicomotores en relación cos principios da educación psicomotriz e as características individuais e do grupo a que se dirixe.
RA5 - Pon en práctica actividades de intervención no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor en relación cos obxectivos previstos e coas características dos cativos e das cativas.
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor, argumenta as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.4 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adecuados ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA1.5 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias, en función da súa idade.
CA1.6 Realizáronse propostas creativas e innovadoras na planificación da intervención.
CA2.2 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adaptados ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA2.3 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA2.4 Seleccionáronse as axudas técnicas que cumpra empregar.
CA3.4 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características evolutivas no ámbito cognitivo dos nenos e das nenas.
CA3.5 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
CA3.6 Fixéronse propostas creativas e innovadoras.
CA4.3 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA4.4 Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
CA5.2 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
CA5.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA5.4 Realizáronse as actividades consonte a planificación temporal.
CA5.5 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.
CA5.6 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.

Criterios de avaliación do currículo
CA5.7 Valorouse a coherencia da implantación das actividades coa planificación.
CA5.8 Respondeuse ante as continxencias.
CA5.9 Xeráronse contornos de intervención seguros.
CA6.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado para as características individuais e para a idade do neno ou da nena.
CA6.3 Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
CA6.4 Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.
CA6.5 Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación da intervención.
CA6.8 Adecuouse á pauta prevista a actuación e a actitude da persoa profesional.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para superar a proba son os que se recollen no apartado 2 da programación didáctica do módulo. A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba segundo se indica no artigo 13 da Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Criterios de cualificación:

Primeira parte: terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita tipo test que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Por cada tres respostas erróneas anularase unha resposta correcta. As preguntas non respondidas non puntúan nin penalizan numéricamente. A proba cualificarase de cero a dez puntos, con dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Para a realización desta primeira parte da proba só se necesitará bolígrafo de tinta azul ou negra.

Non se permite o uso de dispositivos electrónicos ou móbiles.

A proba terá un tempo máximo de duración de dúas horas.

O profesorado poderá dar por concluída a realización da proba a aqueles/as aspirantes que leven a cabo condutas fraudulentas durante a realización da mesma, cualificando a estes cun cero.

Segunda parte: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos nos que se amose a competencia para a implementación educativa, valorándose os criterios establecidos na programación para esta parte. Esta proba cualificarase de cero a dez puntos, con dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final correspondente ao módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada ao enteiro superior nos casos nos que a cifra decimal sexa igual ou superior a 5. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As persoas pertencentes á comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba, ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita tipo test que versará sobre unha mostra o suficientemente representativa dos criterios mínimos de avaliación establecidos na programación para esta parte. A proba terá unha duración máxima de dúas horas.

Esta primeira parte, consistirá nunha proba tipo test na que por cada tres respostas erróneas anularase unha correcta. As non respondidas non puntúan nin penalizan numéricamente. A proba será cualificada con unha puntuación de 0 a 10 puntos, con dous decimais. Para a superación da primeira parte da proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Non superar esta parte implicará obter un 0 na segunda parte da proba.

Para a realización desta primeira parte da proba só se necesitará bolígrafo de tinta azul ou negra.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez comezada a proba en base ao horario establecido. Agás en circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, quedando estas á valoración da Comisión.

Non se poderá abandonar a aula durante os 30 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.



Será necesaria a presentación do DNI en calidade de documento acreditativo.

O profesorado poderá dar por concluída a realización da proba a aqueles/as aspirantes que leven a cabo condutas fraudulentas durante a realización da mesma cualificando a estes cun cero.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio. A proba terá unha duración máxima de dúas horas.

Esta segunda parte consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos nos que se deberán aplicar os coñecementos pertinentes atendendo aos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. A proba será cualificada con unha puntuación de 0 a 10 puntos, con dous decimais. Para a superación da segunda parte da proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Para a realización desta segunda parte da proba só se necesitará bolígrafo de tinta azul ou negra.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet . Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido. Agás en circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, quedando estas á valoración da Comisión.

Non se poderá abandonar a aula durante os 30 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

Será necesaria a presentación do DNI en calidade de documento acreditativo.

O profesorado poderá dar por concluída a realización da proba a aqueles/as aspirantes que leven a cabo condutas fraudulentas durante a realización da mesma cualificando a estes cun cero.

A cualificación final correspondente ao módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada ao enteiro superior nos casos nos que a cifra decimal sexa igual ou superior a 5. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.